



**Comité Intercentros
Universidade de Vigo**

O 19 de maio de 2004 o Secretario do Comité Intercentros daba conta, a través do correo electrónico (xsrh@uvigo.es), do acordo acadado no Pleno celebrado o 13 de maio no que lle comunicaba o seguinte: *“Con respecto as bases para a cobertura dunha praza de TESX e a elaboración da correspondente lista de agarda, o Pleno acorda non esixir titulación (tal e como se pon na base primeira b), ao entender que é un proceso que se realiza por promoción interna”*.

Esta comunicación non foi contestada e de momento, que saibamos, a praza en cuestión, segue sen estar cuberta.

Non ocorre o mesmo coa necesidade detectada na ETSE de Telecomunicación, centro no que a baixa do TESX foi cuberta de acordo coa prelación establecida na lista de agarda da última oposición de conserxes. Lista coa que tamén podían ter solucionada a necesidade detectada no Campus de Ourense, pois hai traballadores/as, que forman parte da relación de nomes deste documento, que nos manifestaron a súa queixa por non ser chamados.

Por todo o exposto, o Pleno do Comité considera que é preciso actualizar a lista e manifestase a favor de facelo nos termos arriba expresados.

Ourense 28 de xuño de 2004

O VICEPRESIDENTE DO COMITÉ
INTERCENTROS

Asdo.: Rodrigo Alberte Pivida

**SR. XEFE DO SERVIZO DE RR. HH. DA UNIVERSIDADE DE
VIGO**